



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 23/07/2026

TIPOLOXÍA: CHOIVA E TORMENTAS

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no Boletín 267/71GAL, emitido as 11:16 horas de hoxe, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **CHOIVAS E TORMENTAS DE NIVEL AMARELO**, que afectará á **CORUÑA (Norte e Interior), LUGO, OURENSE (Noroeste, Montaña e Valdeorras) e PONTEVEDRA (Interior)** e que se iniciará ao mediodía do día 24/07/2026 e ata a primeira hora do día 25/07/2026. A precipitación acumulada nunha hora poderá superar os 15 litros. Este fenómeno pode vir acompañado de saraiva e de rachas moi fortes de vento.

Un aviso nivel amarelo por tormentas indica que na zona de aviso afectada prevense tormentas fortes. Dado o carácter destes fenómenos existe a posibilidade de que poidan producirse tormentas de intensidade superior de forma puntual.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es